



Concello de Sober

Praza do Concello

27460 Sober, Lugo

Tlf: 982 460 001

www.concellodesober.com



*¡ Ven a Sober !
¡ Disfruta do Amandi !*



gálicia

XUNTA DE GALICIA



GADIS

//ABANCA

CaixaBank

www.concellodesober.com

Feira do viño de Amandi



SOBER
8 e 9
de abril

Festa de Interese Turístico



Saúdo do Alcalde

Amigas e amigos da Ribeira Sacra, de Sober e do viño de Amandi:

É para min unha honra e un privilexio dirixirme un ano máis a todos coa ledicia que sinto pola celebración dunha nova edición da Feira do viño de Amandi.



Quero e debo facer un agradecemento expreso ós colleiteiros e adegueiros que participan nesta edición da feira, por que sen a súa presenza este importante evento que en 1999 foi declarado festa de interese Turístico, non tería sentido.

Durante un mes, esta celebración acompáñase de actividades diversas dirixidas a tódolos públicos, actividades que se enmarcan no Mes do Amandi e que dinamizan diversos sectores do noso Concello.

O traballo e a ilusión por facer ben as cousas deben ser os rasgos diarios que nos caractericen, co propósito de lograr metas que hai pouco parecían soños imposibles.


Quero tamén ter un recordo especial para quenes están ausentes, ós que non poden asistir por diferentes motivos, ós que están pasando por momentos difíciles e ós que compartiron esta feira en anos anteriores e hoxe non se encontran entre nós.

Dende o Concello de Sober, traballamos coa ilusión de que tanto os residentes como os que se acheguen dende outros lugares estes días, dun modo especial os veciños do concello de Nogueira de Ramuín, a quen dedicamos esta edición, participedes nesta festa gozando dela, e así ver recompensado o esforzo de organizadores e adegueiros.

En nome da Corporación Municipal que presido, dos adegueiros e colleiteiros de Amandi e no meu, convidovos a que desfrutedes desta feira-festa.

Benvidos pois, a cantos fagades de Sober e da Ribeira Sacra un lugar de encontro para brindar.

Luis Fernández Guitián
Alcalde de Sober.



Concursos e exposicións

Con motivo da XXXVII Feira do viño de Amandi convocáronse os seguintes:

Do 8 ó 30 de Abril no Centro Sociocultural de Sober estarán expostos os carteis presentados o concurso de carteis da XXXVII FEIRA DO VIÑO DE AMANDI, e os debuxos presentados o III Certame de debuxo infantil.

Concurso de deseño Carteis.


Presentáronse 40 orixinais chegados de diferentes puntos do estado. O xurado integrado polos profesionais do deseño Humberto Loureiro, Doa Ocampo e Alejandro Ciurluini, acordaron outorgar o primeiro premio o traballo presentado por José Carlos Quiroga Losada de Monforte de Lemos e concedéronse accésitos os traballos presentados por Ana Santiso Vilar e Edhit Nieves Sánchez.

Concurso de talla con motoserra.

Realizarase na praza do Concello de Sober entre o 1 e 7 de Abril e ten por obxecto realizar pezas de artesanía que inicialmente formaran parte do mobiliario da Feira do Viño de Amandi e posteriormente decoraran os edificios públicos de Sober (Casa do Concello, Centro de Saúde, Colexio Público, Casa da Cultura e Oficina de Turismo).

Concurso de debuxo infantil.

Ten como obxectivo elaborar un adhesivo co debuxo ganador. O concurso está aberto a tódolos centros de ensino primario da comarca.



Rosa Cedrón- Pregoeira

Nace en Monforte no seo dunha familia con gran tradición musical. A maior parte da súa infancia a pasa en A Coruña. Con só 8 anos, ingresa no conservatorio e pronto descubre a súa vocación: O violoncello. Seu empeño e dedicación fixeron dela unha excelente alumna que compaxinou os estudos co ingreso na Orquestra de Cámara de A Coruña e logo na Banda Municipal. Tras anos de preparación e un expediente inmaculado accede a una praza de profesora no Conservatorio de Ferrol.



Un feito relevante cambia a súa vida: un convite a colaborar nun concerto do décimo aniversario de Luar na Lubre, supón un xiro na súa carreira. Foi durante 10 anos chelista e voz do grupo e a súa gran categoría musical non pasa inadvertida ante os ollos dun dos mellores músicos de tódolos tempos: Mike Oldfield invitouna a participar na gravación de "Tubular Bells III" e a presentación mundial en Londres en 1998. Con Luar na Lubre, actúa nos mellores escenarios, grava varios discos e recolle varios premios de recoñecemento. Mentres, compaxina outros interesantes proxectos: gravacións coa Barbería del Sur ou participación nas B.S.O. de "Blanca Madison" ou "Ilegal". A gravación da película "Un bosque de música", dedicada a carreira de Luar na Lubre, espertou en Rosa Cedrón o desexo de ampliar coñecementos a adentrarse no mundo do teatro.

En Xaneiro de 2005 emprende seu camiño en solitario. Movida polo afán de expresar a súa propia musicalidade interior, no 2007 edita "Entre dous mares" que a leva a conseguir importantes cotas de ventas e a realizar unha intensa xira por España, Europa e Latinoamérica. Compatibilizando seu tour de presentación, fai numerosas colaboracións con outros músicos, destacando a participación no espectáculo "Night of the Proms" xunto a Mike Oldfield, a interpretación do Himno Galego no Gran Teatro de La Habana coa Orquestra Nacional de Cuba, a participación en "Cancionista" de Antonio Placer coa que xira por todo o continente ou a colaboración con Cristina Pato no disco "The Galician connection". Con Cristina Pato ó piano canaliza outro proxecto paralelo a súa carreira en solitario; "Soas", que ve a luz en Outono do 2010 e que nos mostra a brillante conexión entre estas dúas indiscutibles representantes da música galega. Rosa colabora tamén con músicos como Paco Lodeiro e Sito Sedes cos que grava "Cantando a Galicia". En maio de 2016, Rosa Cedrón publica "Nada que perder" un álbum no que experimenta nos límites da world music, sen clichés nin estereotipos que a deteñan, logrando un disco cheo de luz, onde as súas propias composicións son a mellor mostra da atmosfera persoalísima que só Rosa pode chegar a crear.

Nogueira de Ramuín - Concello invitado

Nogueira de Ramuín é un concello da provincia de Ourense pertencente á Ribeira Sacra. Entre os seus destacados elementos patrimoniais podemos citar conxuntos funerarios do megalítico como as mámoas da Moura ou Lamagorzos, os "Petos de Ánimas" de San Miguel do Campo, Eiradela, Pacios e Liñares, as Igrexas románicas de San Martiño de Nogueira ou San Cristovo de Armariz ou o monumental conxunto de Santo Estevo de Ribas de Sil, hoxe Parador Nacional de Turismo.

Un aspecto moi digno de destacar neste concello é a figura de afiadador-paragüeiro, homes nados nestas terras veciñas de Ourense que percorreron os lugares máis insólitos do mundo, de aí ven o de "Ourense terra da chispa".

A capitalidade municipal atopase no lugar de Luintra.

José Carlos Quiroga Losada - Autor do Cartel

Monfortino con raíces familiares en Sober, traballador no ámbito do deseño gráfico dende comezos dos anos 90, xa fixera o cartel da feira no ano 2000. O seu cartel foi escollido polo xurado de entre 39 propostas chegadas dende diferentes puntos do estado, é un homenaxe aos viticultores e adegaíros que manteñen viva a viticultura heroica".



Adegas Participantes

A MAN DE PRADO	BOLMENTE	617776392
ALGUEIRA	DOADE	629208917
AS MURAS	A CARQUEIXA-PROENDOS	610765469
BARBADO	PROENDOS	626491303
CIVIDADE	OUTEIRO-BOLMENTE	638827289
CRUCEIRO	VILACHÁ-DOADE	982152285
DON BERNARDINO	CIMA DE VILA-BROSMOS	670882449
ESTRELA	VILACHÁ-DOADE	982152425
GUÍMARO	SANMIL-BROSMOS	610524484
GULLUFRE	LOBIOS	982152575
LUCENZA	CORBELLE-PROENDOS	982460546
MALCAVADA	ROSENDE	699073420
MARCELINO I	A CARQUEIXA-PROENDOS	647164040
NAZ	NAZ DE ABAIXO-ROSENDE	982460110
PETRÓN	DOADE	670615625
PROENCIA	SANSILLAO-PROENDOS	982460055
RECTORAL DE AMANDI	IGREXA-AMANDI	982152157
REGINA VIARUM	DOADE	619009777
TEAR	SUAIREXA-FIGUEIROÁ	982460545
VAL DA LENDA	CANTÓN-AMANDI	982460504
VIÑA CAZOGA	O PACIO-AMANDI	661644952
VIÑA PEÓN	O BARRIO-FIGUEIROÁ	600687107

Panel de Cata

Dona Marta Fernández Vázquez. Enóloga. Directora do Centro Superior de Hostalería de Galicia.

Don Alfonso Losada Quiroga. Xefe da sección de Enoloxía da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia.

Dona Monserrat López Parada. Enxeñeiro Agrónomo e enóloga. Membro do panel de cata da D.O. Ribeiro.

Dona Patricia Presas Prego. Enóloga. Membro da Asociación galega de enólogos.

Don Francisco Javier Rodríguez Medela, membro do Comité de cata da D.O. Ribeira Sacra.



Mes do Amandi

Sábado 4 de Marzo

As 11.30 horas no **MIRADOIRO DA PENA DO CASTELO-DOADE**.

Presentación da XXXVII FEIRA DO VIÑO DE AMANDI e do seu cartel anunciador, obra do monfortino **José Carlos Quiroga Losada**.

Ao remate degustación de viños de AMANDI.

Ás 20.00 horas no Centro Sociocultural, **CONCERTO DE PIANO** (presentación do novo piano de cola), a cargo da pianista malagueña **ESPERANZA MARTIN LÓPEZ**.

Ao remate brindaremos con Viño de Amandi.

Xoves 16 de Marzo

De 12.00 a 14.30 na Escola de Hostelería de Rosende, **Xornada de Maridaxe: VIÑO DE AMANDI con CASTAÑA DE GALICIA**.

Colaboran: *Escola de Hostelería da Fundación Belarmino Fernández e I.X.P. Castaña de Galicia.*

Sábado 18 de Marzo

Ás 12.00 horas no Centro Sociocultural, **Presentación da ASOCIACION DE APICULTORES DA RIBEIRA SACRA**, que terá a súa sede en Sober.

Ao remate haberá una degustación de Mel da Ribeira Sacra e outros produtos apícolas.

Sábado 25 de Marzo

Ás 12.00 horas no Centro Sociocultural, **"CATA COMENTADA DE VIÑOS DE AMANDI PARA MULLERES EMBARAZADAS"**.

Dirixe: Humberto Loureiro.

Venres 31 de Marzo

Nas merendas con contos da Biblioteca Pública Municipal, visita a viña municipal de OS CHANCIS para coñecer diversos procesos no coidado dos viñedos. Saída as 18.00 horas da Praza do Concello.

Sábado 1 de Abril

Ás 11.30 horas no Centro sociocultural, **Xornada "A imaxe dos viños"** (A importancia do etiquetado. Deseño, normativa, tendencias e ferramentas). Dirixe: *vinosacra.es*

Xoves 6 de Abril

De 9.00 a 14.30 horas no Centro Sociocultural de Sober, Xornada Técnica **"Estratexias de control do Mildeu na vide"**.

Organiza: *Estación de viticultura e enoloxía de Galicia.*



Programa de Actos

SABADO 8 DE ABRIL

-**Ás 11.30 horas:** Disparo de bombas de palenque anuncian o inicio da XXXVI Feira do Viño de Amandi.

-**Ás 12.00 horas:** Apertura Oficial a cargo de Adegas MEZQUITA en lembranza a seu fundador Pedro López Fernández.

-**Ás 12.15 horas:** Actuación do Grupo de Música Tradicional do AGADIC.

-**Ás 17.30 horas:** Comezo da Precata Oficial na Sala de Catas do Centro Socio cultural de Sober.

-**Ás 18.30 horas:** Concerto da BANDA de MÚSICA de SOBER.

-**Ás 22.30 horas:** Actuación de ROSA CEDRÓN.

-**Ás 00.00 horas:** Actuación de Gin Toni´s.

DOMINGO 9 DE ABRIL

-**Ás 10.30 horas:** Disparo de 24 bombas de palenque (1 por cada colleiteiro participante).

-**Ás 10.45 horas:** Actuación da **Charanga NBA**.

-**Ás 11.00 horas:** Pasarúas coa **BANDA DE MÚSICA DE SOBER**.

-**Ás 11.30 horas:** Comezo da Cata Oficial na sala de catas do Centro Sociocultural de Sober.

-**Ás 11.30 horas:** **Misa Solemne coa Bendición de Ramos**, na Igrexa de Sober.

-**Ás 12.30 horas:** Recepción de Autoridades na Casa do Concello.

-**Ás 13.00 horas:** **PREGÓN** a cargo de **ROSA CEDRÓN**.

-**Ás 13.30 horas:** Entrega de Premios os adegueiros.

-**Ás 17.00 horas:** Actuación da **Charanga NBA**.

-**Ás 19.30 horas:** Baile coa orquestra **TREBOL**.

